



## PREGUNTA ORAL SOBRE OS RECORTES RESULTANTES DO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN SEGUIDO PARA A INSTALACIÓN DA PISTA DE XEO NA ALAMEDA

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A instalación na Cidade dunha pista de xeo, nas datas próximas ao Nadal, foi unha iniciativa do Partido Popular que nestes últimos anos permitiu atraer a miles de persoas ao centro de Santiago e, xa que logo, estimulou as compras no pequeno comercio do Casco Histórico e do Ensanche.

Á vista do procedemento de licitación ideado polo Goberno local para a instalación dunha pista de xeo, cabe formular a seguinte pregunta:

***Como explica o Goberno local os recortes no prazo de presentación de ofertas por parte das empresas, na posibilidade de contar con xornadas de acceso gratuito e, sobre todo, na diminución nos días de instalación previos ao Nadal?***

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2016

Alejandro S. Brunete Varela  
Concelleiro do Grupo Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela